



## ACTA DA RESOLUCIÓN DA VIII BOLSA NACHO MIRÁS PARA XORNALISTAS NOVEIS

A '*Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis*', naceu como recoñecemento ao xornalista que lle dá nome, quen foi colexiado do CPXG e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Mirás caracterizouse pola defensa da valía dos novos xornalistas, o espírito de facerse valer, de formase o máximo posible e defender así o posto de xornalista.

A bolsa está organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e patrocinada por Abanca, e conta coa colaboración da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

O xurado da bolsa, composto por Ainhoa Apestegui, Isaac González, Darío Janeiro, Xosé López, Xosé Manuel Pereiro, Francisco G. Sarria, Xoán Soler e Fernando Varela, reuniuse o pasado martes 5 de setembro para resolver o certame deste ano.

O secretario deu conta de que, unha vez rematado o prazo de presentación de proxectos, o 14 de xullo de 2023, se contabilizaron un total de 15 proxectos que foron remitidos a cada un dos membros do xurado para a súa avaliación.

Recibidas as valoracións de cada un deles, procedeuse a pór en común as impresións e debater para elixir o traballo, ou traballos, gañadores.

Tras a deliberación, o xurado decidiu outorgar, na súa oitava edición, a '*Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis*' ao proxecto ***Quen son elas?*** presentado por **Cinthia Piñeiro Acevedo**, un proxecto inédito que trata de espertar o interese das persoas por coñecer máis sobre o deporte galego de disciplinas pouco coñecidas e o papel da muller no deporte. O xurado valorou no proxecto gañador a forma de achegarse á comunicación deportiva desde dúas perspectivas distintas: por un lado, facendo fincapé nos deportes minoritarios, e, por outro, pola súa perspectiva de xénero, dándolle voz e protagonismo ás mulleres. Igualmente, tivo en conta a boa planificación incluída na candidatura, que permite albiscar que o proxecto pode ter continuidade no tempo.

Nos próximos días comunicarase o resultado á gañadora, así como ao resto dos participantes, e farase público o acordo a través das vías habituais.

Quérese deixar constancia da cantidade de traballos recibidos e a súa calidade, que veñen a confirmar a necesidade de manter este tipo de bolsas que impulsen os proxectos dos e das xornalistas que comezan a súa carreira profesional.



Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo, así como os parabéns para a gañadora e o resto de participantes, levántase a sesión.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023.

Darío Janeiro

Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia